



MOCIÓN SOBRE O ACONDICIONAMENTO DA VELLA ESCOLA UNITARIA DE AMIO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Conforme á Lei Xeral de Educación, na década dos anos 70 do pasado século foron pechando unha gran parte das escolas unitarias nas que se asentaba o tradicional modelo educativo de Galicia, para dar paso a unha paulatina concentración de alumnado e de novos servizos nos denominados “grupos escolares”. Un proceso con gran repercusión no medio rural, pero con consecuencias tamén na contorna máis inmediata das grandes cidades.


A escola unitaria de Amio non foi allea a esta tendencia xeral en Galicia, quedando desprovista daquela función educativa e sufrindo as consecuencias do seu abandono.

A pesar das actuacións acometidas no seu contorno, onde nos últimos anos se construíu un parque infantil e área deportiva, o edificio da vella escola apenas rexistrou melloras e hoxe mostra un deterioro moi acusado ao que cómpre poñerlle remedio.

O estado do local presenta numerosas deficiencias: pintura deteriorada, as paredes descascadas, cristais rotos, rexistro de conexión eléctrica á intemperie e un tellado precisado de limpeza e mantemento. A iso súmaselle a existencia dun escudo preconstitucional, que perdura no frontispicio da edificación e sobre o que alguén deitou pintura rosada, e unha escada metálica que acada gran altura e que resulta facilmente accesible, a pesar da súa proximidade a unha área de xogos infantís.

O estado da actual desta vella escola unitaria, na que radica a sé da sociedade deportiva local, que conta con varios equipos en distintas competicións, contrasta coa coidada situación do parque infantil e fai desmerecer a boa imaxe e a función propia do seu contorno. Unha cuestión que podería ser solucionada cunha actuación de baixo custo aínda que de gran rendibilidade social.

En atención a todo o exposto, desde o Grupo Municipal Popular formulamos, para a súa consideración polo Pleno, o seguinte



ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno a que leve a cabo o acondicionamento e mellora da antiga escola unitaria de Amio, na rúa do Picón, á beira do parque infantil, aproveitando para retirar o escudo preconstitucional existente e procedendo ao peche do acceso á escaleira metálica alí existente.

Santiago, a 10 de xuño de 2016

A handwritten signature in black ink, which appears to read 'María Ángeles Antón Vilasánchez', written over a horizontal line.

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

ANEXO FOTOGRÁFICO

ESCOLA UNITARIA DE AMIO (XUÑO 2016)

